

PLENO DO EXCMO. CONCELLO . - Núm. 10

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 26 de XUÑO de 2006, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Acta anterior. (Sesión 24.04.06)
- 2.- Toma de coñecemento do escrito de renuncia ó cargo de concelleiro de D. Miguel Barros Ponte, do grupo municipal do PSdeG-PSOE.
- 3.- Proposta da Xunta de Voceiros de nomeamento dun representante dos intereses sociais no Consello Social da Universidade de Vigo.
- 4.- Nomeamento de novo concelleiro como membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 5.- Plan especial de protección e reforma interior Monte da Guía. Desestimento e Arquivo. Expte. 6116/411.
- 6.- Cambio de uso dotacional no plan parcial de Navia. Expte. 10075/411.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 7.- Proposta de modificación dos estatutos do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias-Vigozoo.
- 8.- Aprobación inicial do proxecto de Regulamento xeral de subvencións. Expte. 856/321.

SERVICIOS XERAIS

- 9.- Dar conta de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 06.10.05, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, RCA núm. 02/4355/02. Demandante Telefónica de España, SAU. Expte. 35168/250.

ASUNTOS SOCIAIS

- 10.- Proposta de nomeamento de novos viais obtidos do planeamento da Finca do Conde, PEPRI III-02 e PERI III-01, Salgueira, Riobó e Mantelas. Exptes. 277 e 591/234.
- 11.- Solicitar a UNICEF o recoñecemento de Vigo como "Cidade Amiga da infancia". Expte. 2985/320.

MOCIÓNS

- 12.- Moción do Grupo municipal do PG instando ó Goberno de España que o tramo Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Carballiño-Ourense sexa considerado de igual prioridade que os tramos de alta velocidade con mellor tratamento.

- 13.- Moción do Grupo municipal do PG relativa a instar ó Goberno de España a que redefina o cadro de persoal da inspección do Porto de Vigo.
- 14.- Moción do Grupo municipal do BNG instando a creación do Consello Municipal das Migracións.
- 15.- Moción do Grupo municipal do BNG relativa ó remate da primeira fase de humanización da Travesía de Vigo.
- 16.- Moción do Grupo municipal do BNG instando a realizar as obras necesarias para habilitar un comedor no CEIP García Barbón.
- 17.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ó servizo de mantemento e conservación de zonas verdes.
- 18.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE instando a elaboración e publicidade dun manual cos dereitos e garantías dos contribuíntes.
- 19.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á Comisión especial de suxerencias e reclamacións e do Valedor do Cidadán.
- 20.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTESEIS DE XUÑO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

Vigo, 22 de xuño de 2006
A ALCALDESA, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.